

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 6 DE MAIO DE 2016

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/786/2015.- RÚA VILLAR RESTAURANTE, S. L.- Conceder a licenza para realizar obras de rehabilitación para uso hoteleiro na rúa Nova nº 4.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a solicitude de licenza para realizar obras de rehabilitación para uso hoteleiro na rúa Nova, nº 4. (LIC/786/2015). Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á transmisión da licenza de taxi número 109, da titularidade de D. JOSÉ CELA PIÑEIRO, a favor de D. DIEGO SOUTO SEIJO. Apróbase a proposta.

4.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbase a proposta.

5.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á solicitude de subvención á Deputación da Coruña para o programa REDE CULTURAL. ANO 2016. Acórdase solicitar á Deputación da Coruña subvencións para os programas provinciais de música e teatro para grupos non profesionais, teatro e monicreques para compañías profesionais, ciclo de música para intérpretes profesionais, e compañías de danza profesionais e outras actividades escénicas. O importe total das actividades sería de 26.250 euros, dos que a Deputación achegaría 7.875 euros, e o Concello os 18.375 euros restantes.

6.- Propostas da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativas ao desestimento e extinción de axudas concedidas no ano 2015 no marco do Programa Santiago Suma de Inclusión Social. Apróbase a proposta.

7.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á adxudicación do contrato de "Prestación integral dos servizos de conserxería e limpeza nas dependencias deportivas de Conxo". Acórdase adxudicar o contrato á empresa Arines Obras y Proyectos S.L, que oferta realizar os traballos por un importe de 26.620 euros, IVE incluído. Tamén se compromete a realizar 60 horas de conserxería e 40 de limpeza a maiores sobre as horas mínimas fixadas no prego técnico de aplicación.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural relativa ao inicio do expediente de contratación da "Prestación do servizo para rozas, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais do término municipal de Santiago de Compostela (2016)". Acórdase a apertura do procedemento de adxudicación do servizo, mediante procedemento aberto. O tipo de licitación queda establecido en 181.818,18 euros, IVE aparte.

9.- Propostas do alcalde relativas a devolucións de fianzas. Apróbanse as propostas.

URXENCIAS

1.-Adxudicación do contrato Servizo de organización da "Festa dos maiores 2016" á empresa Catering Casa Taboada S.C. O gasto máximo previsto alcanza a cantidade de 31.790 euros.